



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REHABILITACIÓN E POSTA EN VALOR DO CENTRO DO VIÑO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30.04.1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Concello de Ribadavia para a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño.

I.- MARCO COMPETENCIAL E HABILITACIÓN NORMATIVA

1.1. Competencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia en relación co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

1.2. Competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) creouse ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo. A Axencia, adscrita á Consellería do Medio Rural, conta con personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

No marco deste réxime competencial, AGADER ten entre os seus obxectivos estratéxicos a dinamización socioeconómica do territorio, o impulso da diversificación da actividade económica no rural, a valorización dos recursos endóxeos, o apoio ás cadeas de valor agroalimentarias e a promoción de iniciativas que reforcen a conexión entre territorio, produto e actividade económica sostible.





Neste contexto, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia encaixa plenamente nos fins e funcións de AGADER, ao contribuír á valorización dos recursos endóxeos do territorio, ao fortalecemento da cadea de valor vitivinícola do Ribeiro, á diversificación económica do medio rural mediante o impulso do enoturismo e á dinamización socioeconómica dunha comarca fortemente vinculada á produción vitivinícola.

1.3. Competencias da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, ten entre os seus obxectivos a promoción e valorización dos produtos agroalimentarios galegos, o apoio á súa calidade diferenciada, a difusión da cultura alimentaria e o impulso de accións de formación, divulgación, cata e promoción vinculadas ás denominacións de orixe e ás indicacións xeográficas protexidas.

AGACAL desenvolve actuacións orientadas a reforzar a identidade e o prestixio das producións vitivinícolas galegas, a mellorar o coñecemento e apreciación dos viños de calidade, a apoiar a profesionalización do sector e a impulsar actividades de promoción, degustación, formación e divulgación que contribúan á súa proxección comercial e cultural.

Neste marco competencial, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia constitúe unha infraestrutura especialmente adecuada para o desenvolvemento das funcións propias de AGACAL, ao configurarse como un espazo permanente para a promoción, divulgación e valorización dos viños da Denominación de Orixe Ribeiro e para o desenvolvemento de actividades de formación, degustación e difusión da cultura vitivinícola galega.

1.3. Competencias do Concello de Ribadavia

O Concello de Ribadavia exerce competencias propias en materia de promoción da actividade económica, turismo, protección e xestión do patrimonio histórico e promoción da cultura, conforme ao disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

A actuación obxecto deste convenio inscríbese directamente no exercicio destas competencias municipais, ao estar orientada á recuperación dun equipamento de interese local vinculado á identidade histórica e económica do municipio e destinado a reforzar a actividade turística, comercial e cultural do casco histórico.

II.- MARCO ESTRATÉXICO E PLANIFICACIÓN SECTORIAL

2.1. O Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 31 de marzo de 2025 o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, instrumento de planificación que establece as liñas de actuación orientadas a incrementar a competitividade do comercio galego mediante a modernización, a innovación, a sustentabilidade e a dinamización da actividade comercial.





Entre os seus ámbitos de actuación destaca o Eixe 2, denominado “Dinamización e visibilidade do comercio”, que incorpora medidas dirixidas á revitalización dos espazos comerciais urbanos e rurais, ao impulso de novas fórmulas de colaboración comercial e á xeración de sinerxías entre comercio, turismo, patrimonio e produto local.

Dentro deste eixe, a Medida 2.3, “Impulsar a recuperación da actividade comercial co obxectivo de recuperar contornos urbanos”, prevé actuacións específicas destinadas á revitalización dos cascos históricos e dos espazos urbanos con especiais necesidades de dinamización económica e comercial.

Neste marco insírese o proxecto Vilas Vivas, dirixido a municipios con elevado valor patrimonial, potencial turístico e capacidade para desenvolver iniciativas de recuperación comercial baseadas na valorización dos seus recursos propios. O Concello de Ribadavia participa neste programa, no ámbito do cal se impulsaron actuacións orientadas á mellora da contorna urbana e á dinamización da actividade comercial do casco histórico.

Co fin de consolidar os procesos de revitalización económica e comercial xa iniciados, resulta conveniente avanzar mediante a incorporación de actuacións complementarias capaces de reforzar de forma estable a atracción de visitantes, a actividade económica e a identidade comercial do territorio. Neste contexto, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia constitúe unha actuación coherente cos obxectivos perseguidos polo Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 e complementaria das intervencións desenvolvidas ao abeiro do proxecto Vilas Vivas.

A actuación permitirá dispoñer dun equipamento tractor con capacidade para incrementar a afluencia de visitantes ao casco histórico, favorecer a actividade do comercio e da hostalaría locais, promover o coñecemento dos produtos vitivinícolas da comarca e fortalecer a integración entre actividade económica, patrimonio cultural e promoción turística. A singularidade de Ribadavia, o seu relevante patrimonio histórico e a súa estreita vinculación coa Denominación de Orixe Ribeiro fan especialmente axeitada esta actuación para consolidar un modelo de desenvolvemento baseado na valorización dos recursos endóxeos, na identidade territorial e na revitalización do tecido económico local.

Deste xeito, o proxecto contribúe de forma efectiva aos obxectivos do Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 relacionados coa revitalización dos espazos urbanos históricos, a dinamización do comercio de proximidade e a creación de novas oportunidades de desenvolvemento económico vinculadas aos recursos identitarios do territorio.

III. NECESIDADE DE ACTUACIÓN

Ribadavia constitúe unha das vilas históricas máis relevantes de Galicia e un dos principais referentes da cultura vitivinícola asociada á Denominación de Orixe Ribeiro.

Nos últimos anos o Concello vén impulsando distintas actuacións destinadas á recuperación económica, comercial e turística do casco histórico, entre as que destacan a aprobación do Plan Estratéxico de Turismo, a elaboración do Plan de Dinamización Socioeconómica asociado á Área Rexurbe e a participación no proxecto Vilas Vivas promovido por esta consellería.

Estas actuacións permitiron avanzar na mellora da contorna urbana e na dinamización do casco histórico. Non obstante, continúa resultando conveniente consolidar os procesos de revitalización xa iniciados mediante a creación de equipamentos capaces de xerar actividade estable ao longo do ano e de reforzar os elementos diferenciais que singularizan o territorio.





Neste contexto, o Centro do Viño presenta unha posición estratéxica ao constituír un recurso directamente vinculado á principal actividade identitaria e económica da comarca. A súa rehabilitación e posta en valor permitirá crear un espazo permanente para a interpretación, promoción e difusión da cultura vitivinícola do Ribeiro, favorecendo a atracción de visitantes, a celebración de actividades divulgativas e promocionais, a promoción dos produtos agroalimentarios de calidade diferenciada e a xeración de fluxos económicos asociados ao turismo, ao comercio e á hostalaría locais.

A actuación contribuirá igualmente á recuperación funcional dun inmovible municipal de especial interese para o municipio e á consolidación dunha infraestrutura estable ao servizo da promoción económica e territorial, reforzando a posición de Ribadavia como destino turístico, comercial e cultural de referencia.

Por todo o anterior, a rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño constitúe unha actuación plenamente coherente cos obxectivos de revitalización económica, dinamización comercial, valorización do territorio e fortalecemento da identidade produtiva da comarca, contribuíndo á consolidación dun modelo de desenvolvemento local baseado no aproveitamento sostible dos recursos endóxeos.

IV. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E INTERESE PÚBLICO

A actuación presenta un marcado interese público, económico e social ao contribuír simultaneamente á revitalización comercial do casco histórico de Ribadavia, á promoción dos produtos vitivinícolas galegos de calidade diferenciada, á dinamización socioeconómica do territorio rural e ao fortalecemento da actividade turística asociada ao patrimonio cultural e produtivo da comarca.

A natureza transversal do proxecto determina a concorrencia de intereses públicos propios da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e do Concello de Ribadavia, facendo especialmente axeitada a articulación dunha fórmula de colaboración interadministrativa que permita sumar capacidades, recursos e competencias complementarias para a consecución dun obxectivo común.

A posta en valor do Centro do Viño permitirá consolidar un equipamento estratéxico para a promoción económica do territorio, reforzar a identidade vitivinícola da Denominación de Orixe Ribeiro, impulsar novas oportunidades de desenvolvemento vinculadas ao enoturismo e incrementar a capacidade de atracción do casco histórico como espazo comercial, turístico e cultural.

A actuación obxecto deste convenio presenta características singulares que a diferencian doutras posibles actuacións de promoción comercial, turística ou territorial e que xustifican a súa execución mediante este instrumento específico de colaboración co Concello de Ribadavia.

En primeiro lugar, a actuación recae sobre un inmovible de titularidade municipal situado no casco histórico de Ribadavia, destinado á creación dun equipamento estable para a promoción, difusión e valorización da cultura vitivinícola asociada á Denominación de Orixe Ribeiro. A súa localización, funcionalidade e vinculación coa realidade territorial e produtiva do municipio determinan que a actuación só poida desenvolverse coa participación directa do Concello de Ribadavia.





En segundo lugar, o proxecto atópase directamente vinculado ás actuacións de revitalización económica e comercial que se veñen desenvolvendo no casco histórico da vila, especialmente ás impulsadas no marco do proxecto Vilas Vivas e ás previstas nos instrumentos municipais de planificación turística e socioeconómica. Esta circunstancia dota á actuación dun carácter integrador e complementario respecto doutras intervencións públicas xa executadas ou en fase de desenvolvemento.

En terceiro lugar, a estreita relación existente entre o Centro do Viño, a Denominación de Orixe Ribeiro e a identidade histórica, económica e cultural de Ribadavia converte esta actuación nun proxecto singular, asociado a un territorio concreto e non susceptible de ser substituído ou desenvolvido por outras entidades ou beneficiarios en condicións equivalentes.

En consecuencia, concorren circunstancias específicas de interese público, económico e social que xustifican a formalización do presente convenio e a concesión dunha subvención directa ao Concello de Ribadavia, ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. OBXECTO, ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E VIXENCIA

5.1. Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer o réxime de financiamento, concretar as actuacións subvencionables, determinar os investimentos e gastos necesarios para a execución do proxecto de rehabilitación e posta en valor do Centro do Viño de Ribadavia, e regular as obrigas das partes, o procedemento de xustificación e pagamento e os aspectos relativos á súa vixencia e réxime xurídico aplicable.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto, sempre que se realicen no período comprendido entre o no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de outubro de 2028, data límite de xustificación establecida no convenio.

5.2. Orzamento e distribución do financiamento

O orzamento total das actuacións obxecto do presente convenio ascende a **seiscentos vinte mil cento cincuenta e nove euros con dez céntimos (620.159,10 €)**, IVE incluído.

O financiamento das actuacións realizarase mediante as achegas das administracións asinantes, cos seguintes importes:

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará **catrocentos vinte mil cento cincuenta e nove euros con dez céntimos (420.159,10 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.

- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) achegará **cen mil euros (100.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 15.A1.712A 640.0 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, e proxecto de investimento 2021.00004.

- A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) achegará **cen mil euros (100.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 15.A2.713D.640.0 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2027 e 2028 (50.000 € en cada anualidade),





co proxecto de investimento 2024.00013. Esta partida orzamentaria financia as actuacións encadradas na subintervención 71.32 (promoción T2) do Plan Estratéxico da PAC e serve para financiar actividades de información, divulgación e degustación. Está financiada nun 30% con fondos propios libres (1010) e o 70% restante está cofinanciado de acordo co seguinte reparto: 60% Feader (4280), 28% Xunta (1020) e 12% MAPA (3020).

As actuacións previstas no anexo desenvolveranse nas seguintes anualidades, co seguinte financiamento:

Anualidade	Importe total	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	AGADER	AGACAL
2026	230.000,00 €	180.000,00 €	50.000,00 €	-
2027	340.159,10 €	240.159,10 €	50.000,00 €	50.000,00 €
2028	50.000,00 €	-	-	50.000,00 €
TOTAL	620.159,10 €	420.159,10 €	100.000,00 €	100.000,00 €

A distribución do financiamento efectuarase por anualidades conforme á táboa anterior, destinándose a primeira anualidade ás actuacións principais de rehabilitación, a segunda ao equipamento e dinamización e a terceira á dinamización e posta en valor.

Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observárase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.3. Marco normativo e vixencia

Todo iso realízase no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como conforme á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2028.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

